

Bo Nadal?

... é que fui da Lúa e volve volta, ... e chegará ás.

Venho de luar e paixón, espaciar e mazos, mulieres e homes

Si,

ao final *pedra e telhados de lousa, o neve e alombra frío*

son os nenos *nos tempos Obradoiro,*

os que mellor entenden *entre albergues novos perdidos,*

este tempo estremecido de Nadal. *... e*

Son eles,

os que soñan tempos novos, *acado coa vida un campamento*

cheos de Luz que a todos nós, quentaráń.

Ao final, *... historias, estórias encantadas se repetirán,*

se queremos, *... e que aquel Neno lembrar,*

debemos volvernos nenos *... que pode suceder,*

para erguer co corazón onda o portal

e correr de novo sobrevoando as figuras de barro

a fariña que é neve, no noso corazón, nas nosas mans.

Ao final, habitaremos o soño de querernos

xuntando, aquel noso mundo, sobre o chan

cos recortes de nós mesmos mirados no silencio

polos camiños que levan cara adiante, camiñando a un portal

sobre un manto de luz que se da cita, na noite, baixo as estrelas

e xuntan a San Xosé, co Neno e coa súa Mai.

Ao final, todo o mundo se trastorna e busca O Sol

nun ollar esperanzado, de lumieira universal

pois o amor é esa luz, nesta inocente tenrura, entre ríos e montañas,

en Begonte, ao camiñar.

Prados de musgo, vales con ábores, xente que vén,

xente que vai,

rios de prata, montes de neve, pezas de barro que a Belén van,

levan presentes, ovos, manteiga, bolas de pan.

Son nubes de algodón, os tres reis magos, pastores da Terra Cha

camiñan sobre serraduras de madeira que arremedan a lama dos rueiros

e levan na noite, coa luz da Lúa e unha estela, ... e chegan alá.

Pasan rabaños e pontes, rapaces e mozos, mulleres e homes
que están a cantar.

Casas de pedra e tellados de lousa, a neve alfombra fríos
alá lonxe, polas terras Orientais.

Ao final, as sombras da noite albergan novos fuxidos,
os pobres eternos que escapan da fame,
da guerra e buscan a paz.

O castelo de Herodes neste mundo ruín fixo un camposanto
coas augas do mar

e as noites da historia, están sobrecollididas ao repetisrse,
ano a ano, e volven a nós para aquel Neno lembrar.

Fachuzo da noite da Chaira, non pode esquecer,
nin perder os soños: hai que ir arrolar.

Son refuxiados, emigrados, exiliados,
... E séntese unha vella canción que arroupa
en doce voz o durmir dun Neno,
que non deixará de amar:

*“Durme, meu Neno durme;
durme, que te durmirás
sen esquecer aos que sofren
a indiferenza mortal.*